

## BREVE RESEÑA CURRICULAR DOS RELATORES

- José Luis García López

O Prof. José Luis García é Doutor en Química e Licenciado en Ciencias Químicas (Especialidade Bioquímica) e en Farmacia pola Universidad Complutense de Madrid (UCM). Traballou como Profesor Axudante na UCM, e como Xefe de Grupo de Investigación na empresa Antibióticos SA. Na actualidade é Profesor de Investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) no Centro de Investigaciones Biológicas (CIB) e é líder do grupo de Biotecnoloxía Ambiental. A súa experiencia en investigación céntrase en diversos aspectos dos campos da bioquímica, a microbioloxía, a xenómica e a biotecnoloxía con máis de 300 publicacións entre artigos, libros e patentes. Foi Presidente da Sociedade Española de Biotecnoloxía. Fundou dúas empresas spin-off do CSIC dedicadas á análise de xenomas (Lifesequencing S.L.) e a diagnose xenética (Secugen S.L.).

Desempeñou diversos cargos de xestor de política científica nacional, entre outros como Xestor do Programa de Biotecnoloxía na CICYT, como Subdirector Xeral de Investigación no CSIC, como Asesor/Colaborador para o desenvolvemento dos Plans Nacionais de I+D+i na Dirección General de Investigación e na Dirección General de Relaciones Internacionales del Ministerio de Ciencia e Innovación, e actualmente como Asesor/Colaborador na Secretaría de Estado de Investigación, Desarrollo e Innovación no MINECO. Desde 1992 colaborou como Experto e Representante Nacional en varios programas de Biotecnoloxía dos Programas Cadro (PC) europeos. En 2009-2010 foi o Representante Nacional no grupo de alto nivel para o desenvolvemento das JPIs no 7PC. Desde 2007 é o Representante Nacional do Programa IDEAS do 7PC que continúa no actual Programa ERC do H2020.

- Héctor Gómez Díaz

O Prof. Héctor Gómez é Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (2003). Obtivo o seu título de Doutor pola Universidade da Coruña en 2006. Ven traballando en docencia e investigación desde o ano 2003. Durante un ano foi Profesor Visitante na University of Texas at Austin e agora é Profesor Titular de Universidade na Universidade da Coruña. Actualmente está a dirixir un proxecto financiado polo ERC dentro da modalidade “Starting Grant”.

As súas liñas de investigación inclúen a mecánica computacional, a biomecánica e a modelización do crecemento tumoral. Recibiu varios premios de gran relevancia, incluíndo o premio Juan C. Simó ao mellor novo investigador de España en métodos numéricos. Recentemente, foi elixido polo MIT Technology Review como uno dos innovadores do ano menor de 35 anos.